



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

55

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 18 DE MARZO DE 2023.

Acta n.º 8

ASISTENTES

PRESIDENTA DA F.G.M.
Maestu Almeida, Josefina

Árbitros de carreiras por montaña
Freixeiro López, Xosé Lois
Leirós Gutiérrez, Raúl

Árbitro de escalada
Seoane Álvarez, Miguel

Deportista Galegos de Alto Nivel
Xoel García Maestu

Deportistas de carreiras por montaña
Salgueiro Gesteira, Francisco David (delegado en Javier Aradas)
Dorado Viéitez, Miguel

Deportistas de escalada
Böck Villalba, Alfonso (delegado en Carlos González Iglesias)
García Domínguez, Blanca

Deportistas de Marcha Nórdica
García Pérez, Ignacio (delegado en Asunción Mariño)

Deportistas de Montañismo
Verea López de Guereño, Elvira (delegado en Helga Lages Vidal)
Fernández Fernández Fernández, Ana María
Fernández Rey, Fernando
Vázquez Fariña, Gustavo
Bernárdez Martínez, Miguel
Fernández Saborido Anxo Manuel
Carril Comesaña, Roberto
Lages Vidal, Helga

Técnicos/as
Pérez Araújo, David
Rodríguez Pequeño, Ignacio
Vázquez Fariña, María del Pilar (delegado en Carlos González Iglesias)
Aradas Mariñas, Javier

Clubs de Marcha Nórdica
Club Marcha Nórdica A Coruña

Presidente/Representante
López García, Ana María (Representación)

Clubs de Carreiras por Montaña
GMTA & CHUVONERS
Club Castro Trail Team

Presidente/Representante
Costas Freire, Pilar
Carril Comesaña, Roberto (Representación)





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 56
GALEGO

Clubs de Escalada

Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza
Agrupación de Montañeros Independentes
Asociación de Escaladores Ourensáns
Club Aromon Pontevedra Montañeiros A Roelo
Grupo de Montaña Alud

Presidente/Representante

Seoane Álvarez, Miguel (Representación)
Blanco, Fausto (Representación)
Carlos González Iglesias (Representación)
Carballo, Roberto (Representación)
Lages Vidal, Helga (Representación)

Clubs de Montañismo

Asociación Cans Deportistas
Asociación Os Sendeiros de Foz
Avanzadillas do Senderismo
Aviva Sport Club
Club ADT La Pedrosa
Club Alpino Ourensán
Club Atletismo Sada
Club Escalada Azimut
Club de Montaña O Caxado
Club de Montaña Airiños
Club de Montaña O Carroucho
Club de Montaña Coruña
Club de Montaña Ribeira Sacra
Clube de Montaña Xistra
Club de Sendeirismo Trabandainas
Club Montañeiros Tros
Club Nosas Rutiñas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club de Montañismo Montañas de Trevinca
Sociedad Montaña Ártabros
Club de Montaña Vértice

Presidente/Representante

García Maestu, Xael (Representación)
Morís Fernández, Roberto
González Prego, Juan Francisco (Representación)
Roberto Carril Comesaña (Representación)
Oliveira Fernández, Manuel
Veiga Rial, Ricardo (Representación)
López Pérez, Felipe (Representación)
Arocas Fernández, Luís
Doce Blanco, Manuel (Representación)
Mariño, Asunción (Representación)
González Prego, Juan Francisco (Voto delegado)
García Maestu, Xael (Representación)
Vázquez Pérez, Xosé Antón
Merino Encinas, José Miguel (Representación)
Ponte, Manuel (Representación)
Pérez Orge, Carmen
Rodríguez Pérez, José Carlos
Faro Fortes, Xosé Luis
Fernández Pena, Antonio
Trueba Gayol, Marta (Representación)
Álvarez Jorge, Moisés

Persoal Técnico

Pérez Prego, José Manuel
Fandiño Pérez, Evaristo

Cargo

Director Técnico da FGM
Contable da FGM

Orde do día

1. Saúdo e benvinda da presidenta da FGM.
Listaxe de compoñentes
2. Aprobación, se procede, da acta anterior.
3. Informe da presidenta.
4. Informe do director técnico da FGM.
5. Informe das decisións adoptadas pola Xunta Directiva e pola Comisión Delegada desde a última reunión.
6. Aprobación, se procede, do Balance de situación das contas de ingresos e gastos do ano 2022.
7. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos para o ano 2023.
8. Aprobación, se procede, do calendario da FGM para o ano 2023.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento da Asemblea Xeral da FGM.
10. Estudo e debate das propostas presentadas.
11. Rogos e cuestións.





1.º Saúdo e benvinda da presidenta da FGM. Listaxe de compoñentes.

Cando son as 12:44 horas a presidenta agradece a presenza dos asembleístas para dar comezo á reunión ordinaria da FGM, a que asisten un total de 51 compoñentes.

2.º En relación á aprobación da acta da última asemblea ordinaria, o secretario indica que se remitirá proximamente, xunto coa acta desta asemblea.

A presidenta toma a palabra para propor un cambio na orde do día da asemblea, tratando agora o punto 9, relativo ao regulamento da asemblea da FGM. Ningunha das persoas presentes se opón a este cambio, procedendo a debater o regulamento. Polo que trátase o punto 9. Aprobación, se procede, do Regulamento da Asemblea Xeral da FGM.

Ábrese un primeiro debate en relación á delegación de voto. Varios asembleístas comentan as dúbidas que esta situación pode carrexar no normal funcionamento da FGM. Logo do comentado, decídese votar sobre a posibilidade de que o representante da entidade ou persoa que ostente a representación segundo os seus propios estatutos, poida dar a representación do seu club noutra persoa socia do club.

Aprobase por unanimidade que o representante da entidade ou persoa que ostente a representación segundo os seus propios estatutos, poida dar a representación do seu club nunha reunión de Asemblea Xeral, a unha persoa socia do club.

Votacións de delegar o voto de persoas físicas da asemblea noutras persoas físicas:

A FAVOR 30	EN CONTRA 16	ABSTENCIÓNS 5
------------	--------------	---------------

A continuación a asemblea vota sobre a opción de que as persoas físicas integrantes da asemblea da FGM poidan delegar o seu voto, co seguinte resultado:

A FAVOR 25	EN CONTRA 19	ABSTENCIÓNS 7
------------	--------------	---------------

Apróbase con 24 votos a favor, 19 en contra e 7 abstencións a delegación de voto de persoas físicas noutro membro da Asemblea Xeral.

Aprobadas estas cuestións, na asemblea discútese cantos votos delegados pode portar unha persoa física, acordándose que unha persoa física pode delegar o seu voto noutra persoa da asemblea. Un membro da asemblea so poderá ter un voto delegado dunha persoa física da asemblea. (Deixaron a asemblea antes desta votación: Agrupación de Montañeros Independentes, Blanca García Domínguez e Carlos González Iglesias, quedando 46 asembleístas na sala)

A FAVOR 33	EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 13
------------	-------------	----------------

Finalmente, a asemblea procede coa votación do regulamento da asemblea, documento que constaba xa previamente remitido aos asembleístas:

A FAVOR 39	EN CONTRA 1	ABSTENCIÓNS 6
	Clube de Montaña Xistra	Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
		Club Alpino Ourenán





	Ana María Fernández Fernández
	Club Montañeiros Celtas
	Club Atletismo Sada
	Asociación Os Sendeiros de Foz

Neste momento, ás 13:27 horas, ao non ser xa necesaria a súa presenza, deixa a reunión Rafa Alonso, asesor xurídico da FGM. E suben a mesa presidencial da sesión: a tesoureira da FGM, Marta Trueba e o contable da FGM Evaristo Fandiño Pérez.

3.º Informe da presidenta.

Dun xeito resumido e apoiada nunha presentación electrónica, a Presidenta procede a dar conta do seu informe, desde decembro do 2022, indicando que se remitirá por correo electrónico para lectura de cada asembleísta.

4.º Informe do director técnico da FGM

José Manuel Pérez Prego, director técnico da FGM expón o seu informe, dando conta de todo o realizado, coas actividades e programas de tecnificación.

Ana Fernández pregunta porque o ano pasado a FGM non lle deu apoio a un DGAN para asistir a competicións, nin se lle entregou equipación, cando outros deportistas si foron apoiados. O director técnico comenta que hai un criterio para seleccionar aos deportistas e un destes criterios é a nacionalidade dos/as deportistas. Que este deportista non ten nacionalidade española.

A presidente di que este ano este deportistas foi convocado para o Programa de Tecnificación de Escalada Deportiva, pero o deportista (maior de idade) non realizou a solicitude parta participar neste programa. Ana Fernández comenta que o deportista si fixo unha consulta en prazo. A presidenta dixo que era unha consulta sobre anos anteriores, pero non entregou a solicitude de participación no programa.

O director técnico explica que no ano 2022 había uns criterios para axudar aos deportistas dende a FGM, e que este deportista ao non ser español, non se lle convocou na selección que asistiu ao Campionato de España de Escalada. Para poder clasificar no Campionato de España e subir ao podio como campión, subcampión ou terceiro, os deportistas teñen que ser españois, segundo o regulamento da FEDME.

David Pérez Araújo intervén e comenta que si non pode ser campión de España, parece absurdo que dende tecnificación sexa convocado, porque require un gasto, que non pode reverter de ningunha maneira na FGM.

Ana Fernández di que suma puntos para a FGM, ao que a presidenta responde que non é un campionato por seleccións autonómicas. De ser un campionato de seleccións autonómicas este deportistas, ao día de hoxe, non podería asistir representando a Galicia.

David Pérez Araújo volve a comentar, que se un deportistas de calquera disciplina competitiva da FGM non pode puntuar segundo os regulamentos existentes da FEDME, non lle parece razoable que se invertan recursos da FGM no apoio a esta persoa que non pode aportar nada á FGM.





O director técnico comenta que a normativa é clara, calquera cidadán europeo pode participar en calquera proba deportiva que se organice e ter un recoñecemento subido ao podio da proba. Pero non pode ser o Campión do Campionato Galego ou de España, porque non ten nacionalidade española.

David Pérez Araújo pregunta porque un rapaz que queda Campión de España de Escalada e subcampión da copa en escalada non foi chamado polo seleccionador español de escalada. O director técnico di que haberá algún criterio do seleccionador español. Nos estaríamos encantados de que calquera deportista galego con este nivel deportivo puidese representar a Galicia en Europa. Intervén a presidenta dicindo que hai unha proposta do Club AROMON que se votará por todas as persoas asembleístas e enviarase ás entidades que se indiquen tamén nesta votación. David comenta que se comunique á FEDME e a Xunta de Galicia.

5.º Informe sobre as decisións adoptadas pola Xunta Directiva e pola Comisión Delegada.

A presidenta toma a palabra neste punto, para resumir a cuestión e indicar que se remitirán por correo electrónico.

6.º Aprobación, se procede, do balance de situación das contas de ingresos e gastos do ano 2022.

Toma a palabra o que fora o contable da FGM Evaristo Fandiño Pérez para indicar os cambios máis importantes sobre os balances e contas de ingresos e gastos. Así, indica que se cambiaron os criterios de amortización e algúns equipamentos deportivos pasaron a gastos correntes, pois entréganse e xa non regresan á FGM. Ao que a presidenta engade, que non se trata de cambiar criterios de amortización, senón de non amortizar o que non se pode amortizar segundo a lexislación vixente. Nas táboas de amortización da FGM había moito material que non podía estar nestas táboas polo concepto deste e noutro aspecto había material nesta táboas que no existen na actualidade. Tamén mencionar que non se nos entregou un inventario da FGM.

A presidente toma a palabra para indicar que se deu de baixa unha serie moi ampla de material, amosando un documento en pantalla e completa a súa explicación comentando que o director técnico está completando o informe no que se fará constar todo o material que ten a FGM, o que non está e/ou está vello e deteriorado.

Evaristo continúa co detalle do balance de situación e coa conta de ingresos e gastos, respondendo á pregunta de Ana Fernández sobre o Programa corresponsables ao que se acolleu a FGM que é para familias de inclusión social. Este programa de Corresponsables a Xunta Directiva e presidentes anteriores, non o comunicaron a todos os clubs se comunicou a algúns clubs determinados e a outros non. Algúns clubs con escolas deportivas en funcionamento non foron avisados. E noutros clubs creáronse escolas deportivas que non existían. Ana volve a comentar, que son para familias con exclusión social. A presidenta invita a o director técnico a que de as explicacións que considere pertinente. Este indica que este plan era para menores de 6 a 16 anos con familias en risco de inclusión, monoparentais ou con dificultades. A través dos clubs se puxeron en contacto con organizacións de carácter social onde estaban estes nenos e nenas e os integraron con outras familias.

Ana Fernández di entón a FGM recibiu ese diñeiro da Xunta, a FGM delegou ese compromiso noutros clubs, ao que a presidenta engade, que algunha contratación realizouse coa contratación directa de técnicos por parte da FGM. O director técnico indica clubs que participaron: AMI, ASESOU, ALUD, montañeiros Celtas, tamén falouse coa seleccionadora de carreiras por montaña e estivo o Club de Montaña Vértice, Toxos e Barras coa contratación de Alejandra Seoane. Había actividades de escalada e saídas de montañismo, estancias en refuxios, etc.





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 60
GALEGO

A FGM tiña que xustificar unha subvención por un importe de 56.370 €, antes do 10 de decembro aspecto que se me comunicou como nova presidenta da FGM a mediados de xaneiro que estaba sen xustificar. Aspecto moi grave con responsabilidade da Xunta Xestora da FGM, polo que se puido perder esta subvención. Tivemos que falar coa Xunta de Galicia e poñer en coñecemento deles este aspecto para poder xustificar esta subvención fora de prazo. Esta se rematou de xustificar en febreiro, porque se tivo que solicitar documentación a os clubs que non constaban na FGM. A Xunta a día de hoxe, aínda continúa requirindo documentación deste programa.

David Pérez Araújo pregunta os criterios de elixir a uns clubs e a outros non. Ao que o director técnico comenta que se elixiu a clubs que tiñan escolas en funcionamento por técnicos con titulación, ao que a presidenta engade que hai varios clubs en Galicia con escolas deportivas cos que non se contactou como: AROMON, Bestarruza, Club de Montaña Coruña, con escolas e técnicos. David Pérez Araújo comenta que non se elixiron estes clubs por criterio técnico e solicita que esta situación non se volva a repetir.

A presidenta di que isto, realizado polo anterior grupo de goberno da FGM non volverá a suceder e que se informará a todos os clubs deste programa en canto sexa publicado. A Xunta de Galicia pagou por adiantado á FGM esta subvención. Tamén temos outra subvención pendente de xustificar do ano 2022 da Deputación da Coruña.

Evaristo comenta varias partidas de ingresos e gastos e da explicacións sobre estas. Queda pendente o pago de 300 € a Trevinca por unha actividade realizada o ano pasado, pago que non tiñamos constancia que quedaba pendente. E se retira a estrutura de escalada que tiña un período de amortización de 14 anos, e quedaba unha pequena parte sen amortizar. E tamén se ten que sacar unha partida de material que non existe por un importe de 300 €.

Sobre as contas da EGAM, David Pérez Araújo, cuestiona os números presentados polo contable, no referente a ingresos da EGAM, dos anos 2021 (11.217 €) e 2022 (23.888,60 €) sendo o mesmo contable e máis ou menos os mesmos cursos. Por exemplo no ano 2021 non constan os ingresos de dous cursos de montañismo invernal que el mesmo impartiu. Di que as actividades competitivas están subvencionadas pola Xunta de Galicia, e que os cursos de formación non o están e tendo en conta, polo que solicita que se abaraten os custos dos cursos que se imparten, con recursos propios da FGM, para facilitar e posibilitar que a xente asista a eles, por necesidade e seguridade. A presidenta explica que a subvención da Xunta de Galicia é moi pequena, que non subvenciona formación, nin todas as competicións deportivas nin as categorías superiores.

O resultado do ano 2022 foi de: -27.467,52 €, a falta de incorporar os aspectos que se indicaron nesta reunión (228, 300, 1588,40 estrutura de escalada).

Gustavo Fariña e Fernando Fernández comenta que temos unha tendencia a pechar negativo o exercicio. A FGM di Evaristo que é solvente e non ten débedas e que a FGM está funcionando. A presidenta apunta que no ano 2018 houbo 38.000 € de perda.

Procede a votarse o balance de situación e as contas de ingresos e gastos, sendo nestes momentos 46 asembleístas.

A FAVOR 29	EN CONTRA 1	ABSTENCIÓNS 16
	Club de Montaña Xistra	Club Atletismo Sada
		Club de Montaña Vértice





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 61
GALEGO

		David Pérez Araújo
		Ignacio Rodríguez Pequeno
		Club de Montaña O Caxado
		AROMON
		Gustavo Vázquez Fariña
		Club Alpino Ourensán
		Josefina Maestu Almeida
		Xoel García Maestu
		Club de Montaña Coruña
		Anxo Fernández Saborido
		Javier Aradas Fariñas
		Francisco David Salgueiro Gesteira
		Roberto Carril Comesaña
		Club Castro Trail Team

7.- Aprobación, se procede, da proposta de orzamentos da FGM para o ano 2023.

Marta Trueba, a tesoureira da FGM, toma a palabra para dar conta dos orzamentos, cos seus bloques, cinco concretamente e explica a estrutura: gastos estruturais, licencias e cota de altas de clubs, refuxios, subvencións e patrocinios xerais e área deportiva e EGAM.

Mostra na pantalla o documento, que xa se remitira previamente aos asembleístas.

A proposta do vogal de sendeiros, aprovisionarase unha conta por ingresos de sendeiros, da que se extraen as contías a pagar en anos posteriores por revisións.

Ana Fernández pregunta sobre a posibilidade de eliminar Playoff, quedarse con Gerapli e aforrar ese custo. A presidenta indica que a idea sería esa, pero hai que verificar que Gerapli funcione ben e que non de erros, ao que Miguel Bernárdez comenta que está dando moitos problemas, e formar a 118 clubs nesta aplicación non é tan doado. As Federacións autonómicas que están funcionando con Gerapli de forma experimental son 2 soamente e que Estremadura ten 960 licenzas FEDME e A Rioxa ten sobre 1500 licenzas.

Ana Fernández tamén pregunta sobre os refuxios, que están pechados e poderían ser fonte de ingresos. Neste punto, toma a palabra Javier Aradas, para explicar a actual situación destes espazos, que contan con moitas deficiencias, que obrigou a pechalos. Hai problemas na fontanería, humidades, etc. A presidenta comenta que a anterior Xunta Directiva da FGM non pasou polos refuxios dende o ano 2016 (así nos comentan os guardeses), nin se preocupou de que se realizaran as reparacións totais no refuxio de Albite despois dun incendio, no que faltan as contraventás. Aspecto que se está falando coas compañías aseguradoras.

Ana Fernández pregunta porque o Patrocinio de Allianz se vai a escalada deportiva e non a outras disciplinas, ao que a presidenta responde, que este patrocinio foi moi difícil de conseguir, e que obrigan a que se dedique a un programa en concreto, é a única modalidade olímpica con competidores en activo nesta federación, con bos resultados deportivos, e que é a que ten a organización máis custosa de competicións.





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

62

Ana Fernández pregunta polo pago da licenza federativa a unha escaladora afgá, ao que a presidenta indica que foi decisión da Xunta Directiva, a proposta da Vogal de Muller, Saúde e Montaña desta federación, a modo de colaboración simbólica con esta muller alpinista refuxiada, que neste momento atravesada dificultades. Carmen e Fernández do Club montañeiros Celtas comenta que esta persoa afgá tamén está sendo axudada polo Club Celtas, en roupa, saídas, ao cal a presidenta lle da as grazas. Dende a FGM a vogal de muller, está realizando o seguimento a esta deportista refuxiada.

Ana Fernández tamén comenta porque non consta en Alpinismo o patrocinio de Torres Núñez, ao que a presidenta lle resposta que estamos en negociacións coa empresa, que en breves días visitaremos a persoa responsable de marketing da empresa. A esta visita a presidenta irá acompañada polo anterior vogal de alpinismo da FGM, o cal conseguira o patrocinio, para agradecerlle o patrocinio dado os anos anteriores e faralle entrega dunha foto asinada polos técnicos, vogal e deportistas do último programa de xóvenes alpinistas. Neste momento solicitaráselle que sigan patrocinando o programa e continúen dando produtos de Torres Núñez para as saídas.

Procede a votarse o balance de situación e as contas de ingresos e gastos, sendo nestes momentos 42 assembleístas.

A FAVOR 42	EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0
------------	-------------	---------------

8.ª Aprobación, se procede, do calendario da FGM para o ano 2023

A Presidenta indica que intentarase cumprir o calendario na medida do posible, pero que a proposta permite cambios por aspectos organizativos, en reunións de Comisión Delegada. Preséntase un calendario xeral e un calendario dos cursos da EGAM.

Procede a votación:

A FAVOR 41	EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 1
		Club de Montaña O Caxado

10º.- Estudo e debate das propostas presentadas: 3

As persoas que presentaron as propostas presentaron as propostas e serán votadas pola asemblea:

- a) Toma a palabra o representante do Club AROMON para dar conta da súa proposta, na que solicita que a FGM mostre o seu desacordo coa non selección por parte do seleccionador español de escalada dun deportista do club que cumpría os requisitos establecidos segundo os criterios do ano 2022. Que si o seleccionador nacional desexa ter autonomía para seleccionar aos deportistas que desexa, que non se escude nuns criterios, que o diga abertamente. Dende o club se considera que este deportista cumpre de sobra os criterios por ser Campión de España de Escalada na súa categoría, Subcampión de Copa de España, e cunha traxectoria demostrada dende hai anos, tanto en modalidade de dificultade como noutras modalidades. O ano pasado a selección soamente o levou a unha competición europea (cando cumpría dous dos criterios establecidos), á última proba do calendario europeo, acadando mellores resultados que outros deportistas convocados en máis competicións. Dende o club considérase que este deportistas é discriminado por criterio xeográfico.

Acórdase aprobar por unanimidade esta proposta e enviarlla á FEDME.

- b) A Presidenta toma a palabra para dar conta da proposta de convenio de subvención nominativa coa Xunta,





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

63

realizada por Roberto Carril Comesaña, vicepresidente de Clubs e Persoas Federadas e membro desta Asemblea

La Secretaría Xeral para o Deporte de la Xunta de Galicia concedió a la FGM en la actual temporada 2023 una subvención nominativa por importe de: 30.037 €, repartido en los programas reflejados en la FICHA I. La comparativa con otras federaciones deportivas gallegas con un número de licencias deportivas similares o incluso claramente inferiores, refleja la discriminación que sufre la FGM por parte de la administración autonómica, tal y como se aprecia en el cuadro de la derecha.

Convenio coa Federación Galega do Montañismo

FICHA I

ANUALIDADE 2023

REPARTO ORZAMENTARIO

PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	7.509,25 €
2.- Actividade deportiva ordinaria	11.527,75 €
3.-Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
4.- Campionatos de España convocados polo CSD por Seleccións Autonómicas en Idade Escolar (CESA)	5.500,00 €
5.- Actividade deportiva de promoción:	4.500,00 €
a) do deporte en idade escolar	2.000,00 €
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	2.000,00 €
c) do deporte para deportistas con discapacidade	500,00 €
6.- París 2024	1.000,00 €
TOTAL	30.037,00 €

Federación	N.º de Federados año 2021	Importe concedido 2020	Importe concedido 2021	Importe concedido 2022	Importe concedido 2023
Espeleología	377	13.983	26.233	26.265	15.554
Remo	2.976	109.283	108.283	116.045	114.813
Gimnasia	5.109	74.669	74.669	83.506	89.751
Natación	5.082	158.415	156.415	171.208	182.278
Montaña y escalada	6.578	30.480	30.480	28.374	30.037
Tenis	7.025	106.254	106.254	109.412	112.244
Piragüismo	7.373	324.195	333.195	485.389	530.372
Patinaje	8.179	55.642	55.642	56.860	62.023
Balónmano	10.707	189.614	189.614	206.274	192.421
Atletismo	10.388	230.387	219.399	248.118	267.495
Baloncesto	14.836	252.102	252.102	271.630	271.289

Solicita un anticipo (máximo 100%) de 30.037,00 €

Con esta subvención que otorga la Xunta de Galicia a la FGM se imposibilita el desarrollo de las funciones públicas delegadas que la propia administración autonómica aprobó en los estatutos federativos y Ley 3/2012 del deporte de Galicia y que la FGM debe ejercer en régimen de exclusividad:

- “Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
- Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na Lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a FGM instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se tramiten, consonte o establecido no título VIII na Lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- Calquera outra que regulamentariamente se determine. “

Solamente contabilizando la actividad deportiva prevista para el 2023 tenemos, a nivel de la convocatoria de las Selecciones Gallegas: Carreras x Montaña (3 selecciones); Marcha Nórdica (1 selección); Escalada (Bloque, Dificultad y Velocidad) (3 selecciones). Hay que abonar viajes, hoteles, indumentarias, comidas...

A nivel de la organización de los Campeonatos y Copas Xunta de Galicia: Escalada (4 jornadas de la Copa de Galicia y 4 campeonatos Xunta de Galicia); Marcha Nórdica (4 jornadas de la Copa Xunta de Galicia y 1 campeonato de la Xunta de Galicia); Carreras x Montaña (8 jornadas de la Copa Xunta de Galicia y 2 campeonatos Xunta de Galicia); Andainas (18 jornadas de la Liga Xunta de Galicia).

Además, hay que disponer de una estructura mínima administrativa, técnica, legislativa, estadística... para poder realizar los trámites necesarios para la emisión de licencias, justificación y control de subvenciones, tareas técnicas... Por todo ello,





PROPÓN QUE: *La Asamblea General de la FGM apruebe remitir a la Xunta de Galicia un escrito en el que se muestre nuestra más absoluta disconformidad por la subvención recibida, discriminatoria y que pone en riesgo las funciones públicas que la propia Xunta de Galicia nos encomienda. Así como solicitar que se conceda la subvención de 94.600 euros, ya solicitada para los Proyectos de Especial Relevancia de la FGM, para este año 2023"*

Acórdase aprobar por unanimidade esta proposta e enviarlla á Xunta de Galicia.

c) Proposta de Xael García Maestu para solicitarlle á FEDME que a categoría sub20 sexa subcategoría da categoría absoluta, non competindo na categoría absoluta, e/ou se compiten xuntos, que teñan clasificacións separadas.

Primero.- En el Reglamento Oficial Competiciones de Escalada FEDME, aprobado por la Comisión Delegada el 9 de diciembre de 2022, no consta la categoría sub 20, como si constaba en años anteriores, y como también consta en el reglamento de la IFSC...

...Segundo.- Se puede considerar la eliminación de esta categoría dentro del reglamento FEDME, como aspecto discriminatorio hacia todos/as los/as deportistas de estas edades, por las siguientes razones:

- *Porque un mínimo de 18 deportistas nacionales (3 por cada modalidad y sexo) se están discriminando y no podrán acceder aun podium nacional (si contamos solo podio de Campeonatos de España. Esto conlleva que no podrán beneficiarse de becas de sus ayuntamientos, CC.AA y universidades; no podrán ser declarados Deportistas de Alto Nivel por sus CC.AA ni por el CSD. Y tampoco tendrán un reconocimietnto social.*
- *Si tenemos en cuenta que en estas edades estamos en la puerta de estudios universitarios, los deportistas de alto Nivel tienen unas cuotas de acceso a los estudios universitarios y otras ventajas universitarias para poder compaginar deporte y estudios.*
- *Los clubs y CC.AA a los que pertenecen estos deportistas también se verán perjudicados, perdiendo subvenciones y reconocimiento social.*
- *Porque esta categoría también existe a nivel internacional.*

PROPOSTA: Que la FEDME incluya la categoría SUB 20, como subcategoría de la categoría absoluta, a la mayor brevedad posible, ya en el año 2023, para que los/as deportistas de esta categoría no tengan un trato discriminatorio, referente a los/as deportistas de otras edades.

Acórdase aprobar por unanimidade esta proposta e enviarlla á FEDME.

11º.- Rogos e cuestións

Fernando Fernández comenta o Concello de Vigo anunciou que vai a ceder baixos do Estadio de Balaidos, a federacións e a diferentes colectivos que os pidan.

A presidenta agradece esta información.

Ana Fernández pregunta sobre as diferencias para gañar os campionatos de carreiras por montaña, marcha nórdica e escalada, solicitando que a FGM responda ás preguntas realizadas sobre esta cuestión. A presidenta indica que todos os regulamentos da FGM seguirán os mesmos criterios para considerar campións, subcampións galegos e terceiros en campionatos galegos.

Ana Fernández comenta que os deportistas para demostrar que son galegos deberían presentar un certificado de empadroamento, para demostrar que son galegos cando xa son españois. A presidenta comenta que este aspecto poderase ter en conta á hora de tramitar as licenzas federativas, declarando que están empadroados en Galicia.

Ana Fernández roga que se lle conteste ao deportista que fixo a consulta e que aínda non se lle contestou e que se teña en conta a lexislación vixente para aprobar os criterios para determinar quenes son campións galegos.





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE 65
GALEGO

A presidenta responde que se responderá a este deportista. E tras a intervención de Ana Fernández na que comenta que a FGM non ten a decencia nin de apoialo nin de concederlle títulos, a presidenta responde que a FGM ten a decencia de engadilo a un programa de tecnificación no que o deportista finalmente non realizou a solicitude de participación.

Ana volve a reiterar que os regulamentos son discriminatorios ao que a presidenta contesta que este ano acordouse en Xunta Directiva, os mesmos criterios para todos os regulamentos das disciplinas deportivas competitivas, en cando a Campións de campionatos e de Copas de Galicia se refire.

Por último, tamén se comenta a posibilidade de que a FGM participe nas xuntas reitoras dos parques naturais, para poder opinar sobre cambios de usos que poidan afectar ás nosas actividades.

E ás 15:45 horas dáse por rematada a asemblea xeral ordinaria.

4.- Rogos e cuestións

Non habendo rogos e cuestións realizadas, dáse por concluída a Asemblea Extraordinaria as 12.40 h.

Asinado,
O secretario xeral da FGM
Anxo Manuel Fernández Saborido

Visto e prace,
A presidenta da FGM
Josefina Maestu Almeida

